

# PLATAFORMA GALEGA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

## tirar abaixo a LOMCE

### boicotear as reválidas

....., nai, pai ou titora, titor da alumna ou alumno  
....., do centro ....., quere facer constar.

O total rexeitamento á LOMCE e, por tanto, á proba xeral de 3º ou 6º de primaria ou 4º da ESO, á que vai ser sometida a miña filla ou fillo, entre outras razóns, porque:

Estas probas xa foron rexeitadas rotundamente os cursos pasados co apoio de máis do 80% do alumnado dos centros públicos, que se negou a a realizar estas probas

Non deixan de ser unha extensión das do Informe PISA, que son unhas probas que xerarquizan aínda máis o currículo, reforzan o modelo educativo da LOMCE e convértese nun obxectivo, en vez dun medio. Condicionan o traballo do profesorado e somete o alumnado a unha presión e a un traballo innecesario en detrimento do aprendizaxe doutras competencias..

O sistema educativo galego está máis que diagnosticado e todas e todos sabemos das súas carencias e necesidades, que permanentemente son insatisfeitas pola Consellaría. Pola contra, os centros sofren as deficiencias e o abandono a que os somete a Consellaría por non dotalos de suficiente profesorado, por descoidar a atención á diversidade e por masificar as aulas .

O alumnado está permanentemente avaliado polo seu profesorado, coñecedor das necesidades educativas de apoio e reforzo que o alumnado poida necesitar. Desprezan a avaliación continua e a opinión do equipo docente, cando ninguén mellor que o titor ou titora ou o equipo docente para saber das carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como os medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.

Só avalían certas áreas de coñecemento, menosprezan a adquisición doutras competencias, destrezas e habilidades e refusan o ensino da nosa historia e medio natural, imprescindible para a formación integral do alumnado.

Son unha mostra máis do absoluto desprezo ao sentir maioritario da comunidade escolar galega contra a LOMCE e as súas reválidas. No canto de derrogar definitivamente esta lei, propoñen un falaz "pacto pola educación" para asentir as bases dun sistema educativo selectivo, clasista, segregador e privatizador.

Responden exclusivamente a unha concepción segregacionista e competitiva da educación, contribúen a excluír o alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación e asentir unha estrutura curricular ao servizo do neoliberalismo.

Continúan cunha desconsideración absoluta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ao profesorado que o atende e ás súas familias, deixando á improvisación todo o relacionado coa organización das probas para este colectivo

Ao mesmo tempo, reclamo a destrución dos datos de carácter persoal que van constar no ficheiro denominado "avaliación do sistema educativo" e solicito que teña a ben trasladar este escrito ao conselleiro de Educación.

..... de maio de 2018

Asdo: .....

Á DIRECTORA / AO DIRECTOR DO .....